



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RAIRIZ DE VEIGA

CATALOGO DE BENS CULTURAIS

CLASE ELEMENTO:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS


TIPOLOXIA:
CASTELO

CLAVE PLANO:
263-78

Nº FICHA:
X_011

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN: O Castelo / A Muralla Grande	PARROQUIA: CONGOSTRO	NÚCLEO: Congostro	LOCALIZACIÓN: Congostro; O Castelo
--	--------------------------------	-----------------------------	--

ADSCRICION: Idade do Ferro / Medieval	COORDENADAS: 592180, 4654500	CODIGO XACEMENTO: GA32067011
--	---------------------------------	--

DESCRICIÓN:
Xacemento que se atopa no límite co Concello de Bande localizado a 908 msnm que ocupa uns 3.500 m2. Fondamente alterado por vellos explotacións de canteiros, no cumio do outeiro que os lugareños coñecen co suxectivo nome de A Muralla Grande e O Castelo levantouse quizais un xacemento castrexo do que hoxe xa non se aprecian sinais claras da súa configuración física (defensas antrópicas, terrazas habitacionais...), debido á fonda alteración á que se viu sometido o lugar pola implantación do castelo medieval de Celme, do que hai abundosa documentación escrita.
As últimas alteracións foron debidas á apertura dunha devesa que pasa pola ladeira oriental.
No mesmo cumio do outeiro obsérvase un muro medieval de 80 cms. de anchura, feito de cachote e argamasa de barro, muro posto ao descuberto como resultado dunha cata de sondaxe.
Posúe unha impresionante vista panorámica sobre a Alta e Baixa Limia, situación que comparte cun outeiro de menor altura (896 msnm) e situado a uns 110 m ao SE coñecido como A Muralla Pequena.
En superficie pódense documentar algún posible fragmento de cerámica castrexa (un deles decorado), así como outros grises, a maioría, de características medievais, destacando a abundantísima presenza de tellas de tipo arábigo.

CATEGORÍA: INCLUÍDO NO CATÁLOGO	AMBITO: GALEGO	NIVEL PROTECCIÓN: II-1, II-2	ESTADO CONSERVACIÓN: FORMALO	PROPIETARIO: COMUNAL
---	--------------------------	--	--	--------------------------------

ORDENANZA DE APLICACIÓN:
PROTECCIÓN PATRIMONIO CULTURAL

OBSERVACIÓNS:
O castelo de Celme formaba parte dunha serie de fortalezas (xunto con A Pena, O Castro e Porqueira) que foron construídas entre os séculos XI e XII co fin de previr as tentativas de invasión de Afonso Henriques de Portugal. Foi asaltado por Juan de Gante, duque de Lancaster no século XIV. Os marqueses de Valadares foron os seus últimos propietarios.
A vexetación do contorno está formada a base de toxos, silveiras, xestas e carrasco.

ELEMENTOS A PROTEXER

MELLORAS NECESARIAS:
Posta en valor desde o punto de vista científico e turístico.

OBRAS PROHIBIDAS: Alteración dos elementos protexidos	OBRAS PERMITIDAS: Restauración para voltar a súa imaxe orixinal
---	---

CONCELLO DE RAIRIZ DE VEIGA (OURENSE)

DILIXENCIA. Para facer constar que o presente documento foi aprobado...
pelo Pleno da Corporación en sesión de ... de ... de 2009.
Rairiz de Veiga, 23 de marzo de 2009.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado...
establecidos pola Orde do Concello de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

de data **10 XULL. 2009**
A xefa do servizo de Planificación Urbanística

Marta Mariñas Busto



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RAIRIZ DE VEIGA

CATALOGO DE BENS CULTURAIS

CLASE ELEMENTO:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

TIPOLOXIA:
PETRÓGLIFO

CLAVE PLANO:
263-28

Nº FICHA:
X_012

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN: Petróglifo de Monte Calvo	PARROQUIA: GUILLAMIL	NÚCLEO: Monte Calvo	LOCALIZACIÓN: Monte Calvo; Alto de San Roque
ADSCRICION: Idade do Bronce	COORDENADAS: 593755, 4665570	CODIGO XACEMENTO: GA32067REF-2	

DESCRICIÓN:

Cazoleta de medianas dimensións que aparece nun afloramento granítico situado a uns 200 m. ao NE da estación GA32067010. Este afloramento fai as veces de vértice a unha vedación formada por pedras de tamaño desigual que parte da pista forestal que permite transitar polo Monte Calvo.
A estación presenta numerosos signos de explotación de cantería, ubicándose nun promontorio significado na paisaxe que mantén contacto visual co Petróglifo das Mouchas.
O diámetro desta coviña achégase aos 7 cm, e a súa profundidade acada os 1,5 cm.

CATEGORIA: BIC - DECLARADO	AMBITO: ESTATAL	NIVEL PROTECCIÓN: DILIXENCIA.- Pa	ESTADO CONSERVACIÓN: REGULAR	PROPIETARIO: PRIVADA
--------------------------------------	---------------------------	---	--	--------------------------------

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

PROTECCIÓN PATRIMONIO CULTURAL

OBSERVACIÓNS:

A vexetación componse de xestas, toxo, herba e carrasco.
Pendente de codificación oficial.

ELEMENTOS A PROTEXER

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:

Alteración dos elementos protexidos

OBRAS PERMITIDAS:

Restauración ou reparación dos elementos deteriorados

CONCELLO DE RAIRIZ DE VEIGA (OURENSE)

DILIXENCIA.- Pa

documento foi aprobado ...**provisionalmente**...

polo Pleno da Corporación en sesión

de ...**Rairiz de Veiga**... de ...**2009**...

Rairiz de Veiga de ...**Rairiz de Veiga**... de ...**2009**...



XUNTA DE GALICIA
Aprobado parcialmente cons condicións e nos termos establecidos pola O-de do Conxalleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

de data **10 XULL. 2009**

A xeña do servizo de Planificación Urbanística



Marta Mariñas Busto

F RES
X_012



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RAIRIZ DE VEIGA

CATALOGO DE BENS CULTURAIS

CLASE ELEMENTO:

XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

TIPOLOXIA:

LUGAR CULTUAL

CLAVE PLANO:


264-51

Nº FICHA:

X_013

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:

Prado de San Isidro

PARROQUIA:

RAIRIZ DE VEIGA

NÚCLEO:

Toxo

LOCALIZACIÓN:

Toxo

ADSCRICIÓN:

Medieval

COORDENADAS:

595522, 4659757

CODIGO XACEMENTO:

GA32067REF-3

DESCRIPCIÓN:

Os veciños aseguran que no lugar que hoxe ocupa unha granxa levantouse a igrexa de San Isidro. Este templo tería sido desmontado para reedificalo de novo no século XVII, baixo outra advocación (San Xoán), na actual aldea de Rairiz, capital municipal.

Nas proximidades deste lugar (a uns 250 m ao E) aínda se conserva tamén o topónimo de "Lama da Eirexa", tamén identificado por algúns co nome de "Prado de San Isidro", que ben pode referenciar unha terra de labradío propiedade da freguesía eclesiástica.

Con todo o patrón de emprazamento do anterior templo, de coincidir coa tradición oral recollida entre a veciñanza, corresponderíase co lugar que hoxe ocupa a granxa, nun suave lombo situado a 629 msnm.

CATEGORIA:

INCLUIDO NO CATÁLOGO

AMBITO:

LOCAL

NIVEL PROTECCIÓN:

III

ESTADO CONSERVACIÓN:

MALO

PROPIETARIO:

PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

PROTECCIÓN PATRIMONIO CULTURAL

OBSERVACIÓNS:

A vexetación componse de xestas, silvas e, fundamentalmente, herba para pasto.

ELEMENTOS A PROTEXER

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:

Alteración dos elementos protexidos

OBRAS PERMITIDAS:

Restauración ou reparación dos elementos deteriorados

CONCELLO DE RAIRIZ DE VEIGA (OURENSE)**DILIXENCIA.** Para facer constar que o presentedocumento foi aprobado **Racionalmente**

polo Pleno da Corporación en sesión

de **10 de Novembro** de **2009**de **Rairiz de Veiga** de **Novembro** de **2009**

MUNICIPIO DE GALICIA
Aprobado parcialmente coas condicións e nos termos establecidos pola Orde do Concelleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

de data **10 XULL. 2009**

A xeña do servizo de Planificación Urbanística

**Marta Mariñas Busto**F RES
X_013



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RAIRIZ DE VEIGA

CATALOGO DE BENS CULTURAIS

CLASE ELEMENTO:

XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

TIPOLOXIA:

ACHADO SOLTO

CLAVE PLANO:

264-51


Nº FICHA:

X_014

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:

Sartego medieval

PARROQUIA:

RAIRIZ DE VEIGA

NÚCLEO:

Rairiz de Veiga

LOCALIZACIÓN:

Rairiz de Veiga

ADSCRICIÓN:

Medieval

COORDENADAS:

596605, 4659850

CODIGO XACEMENTO:

GA32067ACH-4

DESCRICIÓN:

Sartego antropomorfo medieval labrado en granito que se sitúa dentro do adro da igrexa parroquia de San Xoán de Rairiz, concretamente ao pé do muro S. De forma rectangular, as súas dimensións totais son de 2,13 m. de lonxitude, medidas que se reducen no seu interior aos 1,78 m. No que atinxe á anchura máxima total, esta é de 73 cm, quedando reducidas as súas dimensións internas a 50 cm. A altura total é de 44 cm.

Nos seus lados menores a caixa pétreo presenta senllas escotaduras desprazadas do eixo da peza, a modo de acanaladuras que teñen por fin facilitar o vertido de auga sobranste que se acumulaba no seu interior.

CATEGORIA:

INCLUÍDO NO CATÁLOGO

AMBITO:

LOCAL

NIVEL PROTECCIÓN:

INTEGRAL

ESTADO CONSERVACIÓN:

BO

PROPIETARIO:

PARROQUIAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

PROTECCIÓN PATRIMONIO CULTURAL

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

MELLORAS NECESARIAS:

Posta en valor desde o punto de vista científico e turístico.

OBRAS PROHIBIDAS:

Alteración dos elementos protexidos

OBRAS PERMITIDAS:

Restauración ou reparación dos elementos deteriorados

CONCELLO DE RAIRIZ DE VEIGA (OURENSE)

Para facer cumprir o presente documento foi aprobado provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión de ... 10 de Novembro de 2009 ... Rairiz de Veiga ... 23 de Novembro de 2009 ...

A Secretaría

XUNTA DE GALICIA

Aprobado parcialmente con condicións e nos termos establecidos polo Orde do Concellero de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

de data

10 XULL. 2009

A xefa do servizo de Planificación Urbanística



Marta Mariñas Busto

F RES
X_014



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RAIRIZ DE VEIGA

CATALOGO DE BENS CULTURAIS

CLASE ELEMENTO:

XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

TIPOLOXIA:

ACHADO SOLTO

CLAVE PLANO:

264-51


Nº FICHA:

X_015

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:

Ara Romana

PARROQUIA:

RAIRIZ DE VEIGA

NÚCLEO:

Rairiz de Veiga

LOCALIZACIÓN:

Rairiz de Veiga

ADSCRICIÓN:

Romano

COORDENADAS:

596600, 4659852

CODIGO XACEMENTO:

GA32067ACH-2

DESCRICIÓN:

Ara romana que acolle unha inscrición militar dedicada ao deus prerromano Bandua.

O seu fócúlus, de planta rectangular e notablemente ampliado en época que descoñecemos, fai agora as veces de pia de auga bendecida, función para o que foi notablemente agrandado.

As súas dimensións externas son de 46 x 37 cm e as interiores de 30 x 24 cm.

As medidas da "fascia" que acolle tres iniciais, son de 7 x 43 cm, mentras que as do campo epigráfico son de 68 x 37 cm. A altura total da peza é de 114 cm.

CATEGORIA:

INCLUIDO NO CATÁLOGO

AMBITO:

GALEGO

NIVEL PROTECCIÓN:

INTEGRAL

ESTADO CONSERVACIÓN:

REGULAR

PROPIETARIO:

PARROQUIAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

PROTECCIÓN PATRIMONIO CULTURAL

OBSERVACIÓN:

A transcripción exacta do epígrafe é así:

V.S.L.M. VOTUM SOLVIT LIBENS MERITO

BANDVE BANDUE

VEIGEBR VEIGEBR

AEGO EAEGO

M.SILON MARCUS.SILONI

VS.GAL.SI VS.GALLAICUS.SI

LANVS LANVS

SIG.COHL. SIGNIFER.COHORTIS PRIMAE

CAL. CR. GALLAICORUM.CIVIS ROMANUS

"Gostoso cumpriu o seu voto / a Bandua da Veiga / Marco Silonio Galaico Silano / abandeirado da primeira cohorte / dos Galaicos, cidadán romano".

ELEMENTOS A PROTEXER

MELLORAS NECESARIAS:

Posta en valor desde o punto de vista turístico.

OBRAS PROHIBIDAS:

Alteración dos elementos protexidos

OBRAS PERMITIDAS:

Restauración ou reparación dos elementos deteriorados

de data **10 XULL. 2009**

Marta Mariñas Busto

F RES
X_015



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RAIRIZ DE VEIGA

CATALOGO DE BENS CULTURAIS

CLASE ELEMENTO:

XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

TIPOLOXIA:

ACHADO SOLTO

CLAVE PLANO:

264-31


Nº FICHA:

X_016

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:

Sartego medieval

PARROQUIA:

SABARIZ

NÚCLEO:

Sabariz

LOCALIZACIÓN:

Sabariz

ADSCRICIÓN:

Medieval

COORDENADAS:

596128, 4662844

CODIGO XACEMENTO:

GA32067ACH-5

DESCRIPCIÓN:

Sartego antropomorfo medieval labrado en granito que se sitúa dentro do patio da casa reitoral da parroquia de San Pedro de Sabariz. De forma rectangular, as súas dimensións totais son de 2,20 m. de lonxitude, medidas que se reducen no seu interior aos 2 m. No que atinxe á anchura máxima total, esta é de 68 cm, quedando reducidas as súas dimensións internas a 48 cm. A altura total é de 35 cm.

Nos seus lados maiores a caixa pétreo presenta senllas escotaduras desprazadas do eixo da peza, a modo de acanaladuras que quizais tiveron por fin facilitar o vertido de auga sobrante que se acumulaba no seu interior. Na reitoral este sartego fixo as veces de pia para abreviar as cabalgaduras.

CATEGORIA:

INCLuíDO NO CATÁLOGO

AMBITO:

LOCAL

NIVEL PROTECCIÓN:

INTEGRAL

ESTADO CONSERVACIÓN:

REGULAR

APROPIETARIO:

PARROQUIAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

PROTECCIÓN PATRIMONIO CULTURAL

OBSERVACIÓN:

ELEMENTOS A PROTEXER

MELLORAS NECESARIAS:

Posta en valor desde o punto de vista científico e turístico.

OBRAS PROHIBIDAS:

Alteración dos elementos protexidos

OBRAS PERMITIDAS:

Restauración ou reparación dos elementos deteriorados

XUNTA DE GALICIA
Aprobado parcialmente con condicións e nos termos establecidos pola Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

de data **10 XULL. 2009**

A xefa do servizo de Planificación Urbanística



María Mariñas Busto

F RES
X_016



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RAIRIZ DE VEIGA

CATALOGO DE BENS CULTURAIS

CLASE ELEMENTO:

XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

TIPOLOXIA:

MÁMOA

CLAVE PLANO:


263-57

Nº FICHA:

X_017

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:

Mámoa de As Motas 1

PARROQUIA:

ORDES

NÚCLEO:

LOCALIZACIÓN:

As Motas; A Cortiña

ADSCRICIÓN:

Neolítico

COORDENADAS:

591246, 4658350

CODIGO XACEMENTO:

GA32084045

DESCRICIÓN:

Túmulo de dimensións considerables e forma bastante regular que posúe un diámetro de 20 m. e unha altura de 1,50 m segundo a ficha normativa elaborada por Bandín Rosende e Parga Castro no ano 1996. A densa vexetación que cobre o xacemento impediu, daquela e hoxe en día, inspeccionar a súa superficie. Unicamente se sinala a alteración ocasionada pola erosión de dous camiños tradicionais que discorren próximos á base N e -fundamentalmente- W do túmulo e que se atopan totalmente ocultos pola vexetación. As coordenadas UTM que figuran na ficha normativa varían levemente das que consignamos nós na presente ficha.

CATEGORIA:

INCLUIDO NO CATÁLOGO

AMBITO:

LOCAL

NIVEL PROTECCIÓN:

II-1; II-2

ESTADO CONSERVACIÓN:

IMALO

PROPIETARIO:

COMUNAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN ESPECIAL

OBSERVACIÓNS:

A vexetación é a propia do monte alto, constituída a base de xestas, toxo, herba e carrasco. O xacemento forma parte dunha necrópole megalítica emprazada ao longo da zona superior do Monte Grande. Conviñe sinalar que a cartografía 1:10000 da COTOP, 1:25000 do IGN e 1:5000 da Xunta de Galicia presenta diferentes trazados no que se refire ao límites municipais, o que impide determinar con total certeza o término municipal ao que pertence o solo ocupado polo xacemento (Rairiz de Veiga ou Vereia). Con todo, na cartografía utilizada polo Equipo Redactor para a elaboración do presente PXOM (1:5000) esta mámoa sitúase dentro do concello de Rairiz de Veiga.

ELEMENTOS A PROTEXER

MELLORAS NECESARIAS:

Posta en valor desde o punto de vista científico e turístico.

OBRAS PROHIBIDAS:

Alteración dos elementos protexidos

OBRAS PERMITIDAS:

Restauración ou reparación dos elementos deteriorados

XUNTA DE GALICIA
Aprobado permiñente coas condicións e nos termos establecidos pola Orde do Consello de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

de data **10 XULL. 2009**

A xefa do servizo de Planificación Urbanística



Marta Mariñas Busto

F RES
X_017



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RAIRIZ DE VEIGA

CATALOGO DE BENS CULTURAIS

CLASE ELEMENTO:

XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

TIPOLOXIA:

NECRÓPOLE

CLAVE PLANO:


263-18

Nº FICHA:

X_018

F 01

PLANO



GA32014002
II-1; II-2

DENOMINACIÓN:

Necrópole da Capela de San Cibrao

PARROQUIA:

GUILLAMIL

NÚCLEO:

LOCALIZACIÓN:

Alto de San Cibrao; A Bola

ADSCRICION:

Medieval

COORDENADAS:

594559; 4667612

CODIGO XACEMENTO:

GA32014002

DESCRICIÓN:

Xacemento localizado dentro do término municipal de A Bola (máis concretamente na parroquia de Pardavedra), lindante coa parroquia de Guillamil, pertencente ao concello de Rairiz de Veiga.

Trátase dun xacemento medieval situado a 906 msnm que na actualidade acolle un edificio fundado, presumiblemente, por San Rosendo no século XI e por tanto de estilo mozárabe, carácter co que resultaría coherente o ventanal xeminado que aparece empotrado no muro S do edificio.

Esta capela parece que foi levantada practicamente ex-novo no século XVII, experimentando reformas posteriores.

Hai dous sepulcros de lousas aparecidos recentemente (arquivo 1.6 nº32.1)

CATEGORIA:

INCLUÍDO NO CATÁLOGO

AMBITO:

GALEGO

NIVEL PROTECCIÓN:

II-1; II-2

ESTADO CONSERVACIÓN:

MALO

PROPIETARIO:

COMUNAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

PROTECCIÓN PATRIMONIO CULTURAL

OBSERVACIÓN:

A vexetación é a propia do monte alto coidado, constituída a base de herba e carrasco.

ELEMENTOS A PROTEXER

MELLORAS NECESARIAS:

Posta en valor desde o punto de vista científico e turístico.

OBRAS PROHIBIDAS:

Alteración dos elementos protexidos

OBRAS PERMITIDAS:

Restauración ou reparación dos elementos deteriorados

XUNTA DE GALICIA
Aprobado parcialmente coas condicións e nos termos establecidos pola Orde do Concelleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

de data **10 XULL. 2009**

A xefa do servizo de Planificación Urbanística



Marta Mariñas Busto

F RES
X_018



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RAIRIZ DE VEIGA

CATALOGO DE BENS CULTURAIS

CLASE ELEMENTO:

XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

TIPOLOXIA:

MÁMOA

CLAVE PLANO:


263-57

Nº FICHA:

X_019

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:

Mámoa de As Motas 3

PARROQUIA:

ORDES

NÚCLEO:

LOCALIZACIÓN:

As Motas; Concello de Vereia

ADSCRICIÓN:

Neolítico

COORDENADAS:

591218,4658130

CODIGO XACEMENTO:

GA32084047

DESCRICIÓN:

Túmulo de notable tamaño de forma bastante regular que posúe unha altura de 1,60 m. As dimensións dos seus dous eixos son 17 m. N-S e 16 m. E-W. Na súa zona central presenta un cráter de violación de 5 m. de diámetro e 1 m. de profundidade, cuxo interior aparece ocupado por unha densa vexetación que, ao igual que no ano 1996, cando foi catalogado por Bandín Rosende e Parga Castro, ten impedido o seu recoñecemento superficial. Cara o W, un camiño tradicional erosionou parcialmente a base do túmulo.

Unha alteración maior do xacemento vén dada pola instalación dunha vedación no sector S constituída a base de postes de cemento fincados e unidos entre si por aramios que atravesa o túmulo de E a W case polo seu eixo. Con todo o maior dano causado á mámoa derivou dunha serie de traballos recentes de reforestación mecánica da parcela na que se empraza, o que provocou a apertura de grandes sucros lineais para a reforestación con planta de piñeiro.

Á inspección superficial do xacemento non achegou restos de estruturas o materiais arqueolóxicos.

CATEGORIA:

INCLUIDO NO CATÁLOGO

AMBITO:

LOCAL

NIVEL PROTECCIÓN:

II-1; II-2

ESTADO CONSERVACIÓN:

MALO

PROPIETARIO:

COMUNAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

PROTECCIÓN PATRIMONIO CULTURAL

OBSERVACIÓNS:

A vexetación é a propia do monte alto, constituída a base de xestas, toxo, herba e carrestas.

O xacemento forma parte dunha necrópole megalítica emprazada ao longo da zona superior do Monte Grande. Conven sinalar que a cartografía 1:10000 da COTOP, 1:25000 do IGN e 1:5000 da Xunta de Galicia presenta diferentes trazados no que se refire ao límites municipais, o que impide determinar con total certeza o término municipal ao que pertence o solo ocupado polo xacemento (Rairiz de Veiga ou Vereia). Con todo, na cartografía utilizada polo Equipo Redactor para a elaboración do presente PXOM (1:5000) esta mámoa sitúase dentro do concello de Rairiz de Veiga.

ELEMENTOS A PROTEXER

MELLORAS NECESARIAS:

Posta en valor desde o punto de vista científico e turístico.

OBRAS PROHIBIDAS:

Alteración dos elementos protexidos

OBRAS PERMITIDAS:

Restauración ou reparación dos elementos deteriorados

de data

10 XULL. 2009

A xeña do servizo de Planificación Urbanística



Marta Mariñas Busto

F RES
X_019



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RAIRIZ DE VEIGA

CATALOGO DE BENS CULTURAIS

CLASE ELEMENTO:

XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

TIPOLOXIA:

MÁMOA

CLAVE PLANO:


263-57

Nº FICHA:

X_020

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:

Mámoa de As Motas 4

PARROQUIA:

ORDES

NÚCLEO:

LOCALIZACIÓN:

As Motas; Concello de Vereia

ADSCRICION:

Neolítico

COORDENADAS:

591060, 4658000

CODIGO XACEMENTO:

GA32084048

DESCRICIÓN:

O túmulo, cuxa superficie foi integramente cavada por medios mecánicos a mediados da década de 1990, atópase totalmente limpa de vexetación arbustiva, acollendo unha plantación de planta forraxeira destinada ao gando. Posúe un tamaño moi reducido e una forma bastante regular. O seu volume sufriu un forte arrasamento a causa dos intensos labores agrícolas realizados sobre el con maquinaria pesada. As dimensións dos seus eixos son 10'5 m. N-S e 11 m. E-W e a súa altura mínima, apenas 0,40 m. Na súa zona central presentou, no ano 1996 cando foi prospectada por Bandín Rosende e Parga Castro, unha suave depresión -hoxe case imperceptible- que podería corresponder a un pequeno cono de violación arrasado. A inspección superficial do xacemento non achegou restos de estruturas ou materiais arqueolóxicos.

CATEGORIA:

INCLUÍDO NO CATÁLOGO

AMBITO:

LOCAL

NIVEL PROTECCIÓN:

II-1; II-2

ESTADO CONSERVACIÓN:

MOI MALO

PROPIEDAD:

COMUNAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

PROTECCIÓN PATRIMONIO CULTURAL

OBSERVACIÓN:

A vexetación é a propia do monte alto, constituída a base de xestas, toxo, herba e varasco. O xacemento forma parte dunha necrópole megalítica emprazada ao longo da zona superior do Monte Grande. Convén sinalar que a cartografía 1:10000 da COTOP, 1:25000 do IGN e 1:5000 da Xunta de Galicia presenta diferentes trazados no que se refire ao límites municipais, o que impide determinar con total certeza o término municipal ao que pertence o solo ocupado polo xacemento (Rairiz de Veiga ou Vereia). Con todo, na cartografía utilizada polo Equipo Redactor para a elaboración do presente PXOM (1:5000) esta mámoa sitúase dentro do concello de Rairiz de Veiga.

ELEMENTOS A PROTEXER

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:

Alteración dos elementos protexidos

OBRAS PERMITIDAS:

Restauración ou reparación dos elementos deteriorados

XUNTA DE GALICIA
Aprobado parcialmente coas condicións e nos termos establecidos polo Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

de data **10 XULL. 2009**

A xefa do servizo de Planificación Urbanística

Marta Mariñas Busto

F RES
X_020